

## Acceso

Acceso libre, sen requisitos específicos, agás os derivados da lexislación estatal e autonómica vixente

## Servizos

### Consulta en sala

Con capacidade para oito investigadores, ofrécese ademais información e asesoramento técnico.

### Reprografía



Facilitanse fotocopias simples, copias compulsadas e/ou certificadas, copias en formato dixital, dos documentos que forman parte do fondo do arquivo, sempre que a normativa e as condicións de conservación o permitan.

### Biblioteca auxiliar

É unha biblioteca especializada en arquivística, historia, dereito administrativo e temas de Galicia. Pódese consultar na sala

### Horario de atención ao público

Inverno 8:30 – 14:30 h.  
Verán 8:00 – 14:00 h.



## Cómo chegar



Coordenadas: 43.372412, -8.423133  
Transporte Público: líneas de autobuses  
3-3A-12-12A-14




981 261 001



Rúa Archer Milton Huntington, 24  
15011 A Coruña  
[www.archivo.dicoruna.es](http://www.archivo.dicoruna.es)



[archivo@dacoruna.gal](mailto:archivo@dacoruna.gal)




## Historia do Arquivo

O Arquivo da Deputación xorde ao mesmo tempo que a institución, non obstante a primeira noticia certa da súa existencia témola no “Regulamento interior das dependencias da Deputación Provincial da Coruña” de 1889, onde establecíanse as súas funcións. Así mesmo consta en 1888 o nomeamento como arquivista-bibliotecario de Bernardo Barreiro de Vázquez Varela e o de Manuel Murguía en 1909.



A sede do Arquivo sufriu diversos traslados a través do tempo; durante o século XIX e primeira metade do XX, o Arquivo acompañou á institución polos diversos edificios da cidade coruñesa que esta ocupou, entre eles o edificio do Teatro Rosalía de Castro. Dende 1985 o Arquivo atópase na rúa Archer Milton Huntington. A partir desta data iníciáanse os traballos de descrición documental que continúan na actualidade.

Hoxe en día o Arquivo desta Deputación Provincial constitúe unha Sección que depende orgánicamente da Secretaría Xeral.



Visita de Alfonso XII en 1900.  
Libro de actas de sesións da Comisión Provincial

## Función

O arquivo da Deputación da Coruña organiza, custodia e difunde a documentación xerada por dita institución no exercicio das súas funcións e outros fondos que ingresan mediante doazón, compra ou transferencia, poñéndoa ao servizo da propia institución, do cidadán e da Administración.

A close-up photograph of a document with handwritten text in Spanish, including the phrase 'En nombre de los señores de las monjas...'.



O edificio do Arquivo da Deputación da Coruña ocupa unha superficie de 1625 m<sup>2</sup> útiles distribuída en catro plantas nas que se sitúan os depósitos de documentación, salas de investigadores e zonas de traballo para o persoal. Por cuestións de espazo o arquivo conta cun depósito secundario no Colexio da Milagrosa de 550 m<sup>2</sup>

